

Buenos Aires 15 de outubro de 1976.

Sr. D. Marino Dónega
A Coruña

Querido Dónega:

Recibín a tua carta e estou de acordo con casi toda ela menos co que se refire á miña obra. Toda ela non é mais que un intento de expresarme, de afirmar a miña existencia no mundo, e trátase de un mundo que existe, é real, ou polo menos é real en min, que é un xeito de ser real. Son comprensivo, sempre o fun, como sempre fun liberal, con un liberalismo que non é deste mundo, mais tamén sempre o dieto aos tortos de intención, aos conscentemente, calculadamente, desaprensivos; aos demagogos, etc. Por esto loitei, o mais dos meus anos, soio, de acordo coa "inmensa minoría" como escribiu Juan Ramón. Pertenezco a un pasado do que me exiliei e teño medo de comezar a esquecer algúns sentimentos que teño matinaados moi firmes en min. Inventáronse, fai algúns anos, as separacións no terreo das ideas, por xeneracións, e as mais mozas están perdendo todo o que xa tiñamos perdido nos fai coarenta anos. Repiten a historia. As xeneracións anteriores non contan, como non contan os vellos. Nos aínda creíamos nestes, un pouco menos cecáis que os nosos pais. E posible que nun deses ciclos en que se repite a historia, os fillos volten a comerse aos pais co pretexto de herdar as virtudes destes. Un pretexto hipócrita que serviu pra non axudalos na súa decrepitude. Naturalmente, non serán así todos os fillos. Endemais existe unanimidade nos propósitos dos homes, neste caso por fortuna para os vellos pais. Mais a realidade en canto a min é que son para sempre, casi con seguridade, emigrante dun país extraño, soñado mais que vivido. Emigrante dun pasado moi lonxano, de fai coarenta anos. Un sobrevivente que aínda traballa. Marcharei de aquí con dúas exposicións abertas, unha en Mar del Plata e outra mais en Buenos Aires, a derradeira con oleos moi pequenos, paxaros e testas, e acuarelas de viaxes. Espuxen en Tucumán, unha cidade culturalmente moi importante, con unha gran Universidade pola calidade do seu profesorado, onde estivo tamén de profesor Tovar, Corominas o matemático, etc, entre os profesores españoles.

Moi pronto estaremos con vosco na Coruña, nos derradeiros días matinaamos, de Decembro ou nos primeiros de Xaneiro.

Unha grande aperta moi garimosa de Maruxa e miña para vos os catro, incluíndo a Milagro: